

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ÁLVAREZ LIMESES 36006377

CURSO: 1º EP

MATERIA: LINGUA CASTELÁ

DATA: 11-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula. | LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade. |
| B1.5. Comprender o sentido global dun texto oral. Identificar información relevantes. | LCB1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social. |
| B1.10. Usar unha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas | LCB1.10.1. Usa unha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas. |
| B2.1. Lectura de distintos tipos de textos adaptados á súa idade. | LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade. |
| B2.2. Anticipar o contido de textos do ámbito escolar e social axeitados ao seu nivel. | LCB2.2.1. Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto. |
| B2.3. Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxías textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) | LCB2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións |
| B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos | LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas. LCB3.1.2 Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia ... |
| B3.2. Relacionar códigos verbais e non verbais. | LCB3.2.1. Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes. |
| B3.3. Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descritivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación | LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas... LCB3.3.2. Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos. |

| | |
|--|--|
| <p>B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.</p> | <p>LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra. LCB4.1.2. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética. LCB4.1.3. Distingue nome e adxectivo en palabras significativas. LCB4.1.4. Distingue xénero e número en palabras habituais. LCB4.1.5. Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos. LCB4.1.6. Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia LCB4.1.7. Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro en textos sinxelos.</p> |
| <p>B4.2. Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario.</p> | <p>LCB4.2.1. Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas. LCB4.2.2. Establece comparacións entre distintos elementos. LCB4.2.3. Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos. LCB4.2.4. Identifica no seu contorno palabras derivadas de outras moi evidentes.</p> |
| <p>B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.</p> | <p>LCB4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.</p> |
| <p>B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.</p> | <p>LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.</p> |
| <p>B4.6. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada .</p> | <p>LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.</p> |
| <p>B5.1. Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos e utilizar a lectura como fonte de gozo e información.</p> | <p>LCB5.1.1. Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas...</p> |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|--|
| Avaliación | <p><u>Procedementos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Uso de TIC durante o confinamento para comunicación e intercambio de tarefas e actividades. - Comprobación e corrección da entrega das tarefas propostas ao alumnado. - Análise das actividades e dos traballos realizados. - Observación nas reunións virtuais (cando sexa posible).. |
| | <p><u>Instrumentos:</u></p> <p>Alumnado: Actividades e/ou traballos realizados. Profesorado: Rexistro do traballo do alumnado en carpeta dixital e/ou caderno da mestra.</p> |
| Cualificación final | <p><u>3ª Avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Adaptación da programación para o 3º trimestre. - Cualificación da 3ª avaliación.- Media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliación. <p>A partir disto:</p> <ul style="list-style-type: none"> -<u>Alumnado coa media suspensa:</u> Poderá optar ao aprobado na área presentando as tarefas propostas polo profesorado. -<u>Alumnado coa media aprobada:</u> Poderá optar a mellorar a cualificación presentando as tarefas propostas polo profesorado. <p><u>Avaliación final</u></p> <p style="text-align: center;">Será a media das tres avaliacións</p> |
| Proba extraordinaria de setembro | |
| Alumnado de materia pendente | <p>Criterios de avaliación:</p> <p>Non propostos por non ter alumnado con materia pendente.</p> |
| | <p>Criterios de cualificación:</p> <p>Non propostos por non ter alumnado con materia pendente.</p> |
| | <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> |

| | |
|--|--|
| | Non propostos por non ter alumnado con materia pendente. |
|--|--|

| 1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|--|--|
| Actividades | <p>-Actividades de repaso, reforzo e ampliación (cando cumpra) con fichas, como: lectura de textos sinxelos e contestar as preguntas, completar oracións, construír frases sinxelas, relacionar, emparellar, escribir pequenos poemas seguindo un modelo dado, escribir pequenos textos descritivos, escoitar un conto oral e responder as preguntas, ditados...</p> <p>-Actividades interactivas.</p> <p>-As videoconferencias non son unha opción para a docencia, pero si unha posibilidade de comunicación e contacto coas nenas e cos nenos.</p> |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | <p>Partimos dunha metodoloxía globalizada, coordinándose o equipo de profesores que traballa en cada curso, intentando non superar nunca as dúas horas de traballo, e buscando tarefas motivadoras para o alumnado.</p> <p>As propostas de tarefas faranse a través do blog de 1º principalmente, empregando tamén outros medios cando este non é posible (correo electrónico e teléfono). O alumnado utilizará o correo das mestras para a devolución e entrega das mesmas.</p> <p>Para o alumnado con NEAE o profesorado adaptará as propostas coa orientación de DO, PT e AL, esas propostas tentarán a inclusión nas tarefas da aula e faranse chegar individualmente naqueles casos que se requira.</p> |
| Materiais e recursos | <p>Recursos materiais: imprimibles, descargables, audiovisuais.</p> <p>Recursos humanos: profesorado de aula (titores/as e especialistas) e Profesorado de PT e AL (de ser necesario).</p> |

| 1. Información e publicidade | |
|--|--|
| Información ao alumnado e ás familias | A través de mensaxe por Abalar e/ou correo electrónico e teléfono. |
| Publicidade | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |